


AVALIACIÓN EXTERNA



Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego, EpD-CpD VI



Estudo realizado por Wayna Consultora SL
Decembro 2017

ÍNDICE

	<i>Páxina</i>
1. INTRODUCCIÓN	2
1.1. Obxectivos da avaliación	2
1.2. Dimensión da avaliación	2
1.3. Metodoloxía empregada	3
1.4. Condicionantes e límites do estudo	4
2. PRESENTACIÓN DA INTERVENCIÓN	5
3. RESULTADOS DA AVALIACIÓN	7
3.1. Eficacia da intervención	7
3.2. Impacto da intervención	21
4. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS	32
5. ANEXOS	35

1. INTRODUCCIÓN

1.1. OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

O presente estudo foi realizado a petición do consorcio das ONGD Asemblea de Cooperación Pola Paz -ACPP- e Asociación Galega de Reporteiros Solidarios -AGARESO- para avaliar os resultados do seu proxecto "*Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego, EpD-CpD VI*".

O obxectivo principal do estudo é analizar o proceso de execución do proxecto para identificar as súas fortalezas e os seus puntos de mellora de cara a telos en conta en futuras intervencións.

Asemade, fíxanse os seguintes obxectivos secundarios:

- ✓ Establecer o nivel de eficacia da intervención, así como o grao de consecución de obxectivos e resultados utilizando a matriz do marco lóxico deseñada na súa formulación.
- ✓ Medir o impacto da intervención no alumnado participante realizando unha análise comparada entre a súa situación de partida (recollida na liña base do proxecto) e a súa situación unha vez rematada a intervención.
- ✓ Observar as posibles fendas de xénero que poidan existir entre a poboación beneficiaria.
- ✓ Formular as recomendacións convenientes para mellorar a execución e impacto de futuras edicións do proxecto.

1.2. DIMENSIÓN DA AVALIACIÓN

A proposta das entidades contratantes, o presente estudo abarca a un total de 4 centros participantes no proxecto iniciado en 2016: IES Milladoiro, IES Laxeiro, CPR Vilas Alborada e CEIP Apóstolo Santiago. Así, a mostra seleccionada engloba ao 50% dos centros educativos, quedando representado o alumnado de educación infantil (CEIP Apóstolo Santiago), educación primaria (CPR Vilas Alborada) e educación secundaria (IES Milladoiro e IES Laxeiro).

O período temporal no que se enmarca a avaliación é de 15 meses: desde o 1 de setembro de 2016 até o 30 de novembro de 2017. A execución das actividades directas co alumnado nas aulas correspóndense co curso académico 2016-2017.

Por último, o sector de actuación que delimita o estudo é, tendo en conta o documento de proxecto, o de "Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento" (CRS 99820).

1.3. METODOLOXÍA EMPREGADA

Co fin de lograr unha visión global do que foi a execución do proxecto, na recollida de información empréganse ferramentas da investigación social cualitativa e cuantitativa. As fontes empregadas son as seguintes:

A **información secundaria** empregada obtense da análise da documentación do proxecto entregada pola entidade, como é: a formulación inicial, os informes de seguimento e final entregados á entidade financeira, o plan de comunicación, o plan de seguimento e avaliación, o informe de liña base (así como as follas de cálculo cos datos brutos das enquisas), os materiais do proxecto (contos, guías didácticas,...) e a documentación acreditativas das fontes de verificación. Tamén se revisou a web do proxecto (<http://www.agareso.org/esr/>), así como as canles empregadas por AGARESO para a difusión dos produtos dos obradoiros de comunicación (para radio, a súa conta en iVoox¹; para televisión, a súa conta de Youtube²).

A **información primaria** logrouse a través de:

✗ Realización de entrevistas semiestruturadas ao persoal técnico de AGARESO e ACPP e ao profesorado implicado na coordinación do proxecto nos centros (1 entrevista no CEIP Apóstolo Santiago, a 2 profesoras de infantil; 3 entrevistas no IES Laxeiro, 1 á orientadora e 2 a docentes; 1 entrevista no CPR Vilas Alborada, á directora; 3 entrevistas no IES Milladoiro, 1 á xefa de estudos e 2 a titoras de curso).

✗ Envío de un cuestionario online ás monitoras e monitores responsables das actividades do proxecto (5 respostas, 4 mulleres e 1 home).

✗ Emprego do cuestionario deseñado para a Liña Base co obxecto de posibilitar unha análise comparada dos datos. Realizouse cunha mostra de 18 estudantes de infantil (12 nenas e 6 nenos), 22 de primaria (13 nenas e 9 nenos) e 35 de secundaria (25 rapazas e 10 rapaces).

¹ Dispoñible en https://www.ivoox.com/podcast-escolas-sen-racismo_sq_f1268321_1.html (consultado

² Dispoñible en, consultado o 30 de decembro de 2017:

https://www.youtube.com/watch?v=zzSGrkF0MX4&list=PLJH9NssXRdAyligr8IINbf_PRnVbpNW_S.

A este cuestionario deseñado anteriormente, engadiuse un bloque relacionado coa valoración das actividades nas que participaron e do proxecto en xeral. No anexo 5.1 recóllense os tres modelos de cuestionario para cada etapa educativa.

1.4. CONDICIONANTES E LÍMITES DO ESTUDO

Os límites que poden condicionar os resultados desta avaliación son fundamentalmente dous:

① **O momento de realizar o traballo de campo.** O feito de realizar as visitas aos centros no curso académico posterior á implementación do proxecto afecta á calidade dos datos obtidos por varios motivos. En primeiro lugar, había alumnado que xa non estaba no centro (o caso máis significativo, as rapazas e rapaces de 6º de primaria do Vilas Alborada que participaron estaban xa no instituto). En segundo lugar, o transcorrer tanto tempo desde o momento en que asistiron ás actividades até que se realizou a avaliación provoca que o recordo que manteñen sexa máis feble e ambiguo. Por último, a coincidencia do proceso de avaliación co inicio da execución da seguinte edición xera algo de confusión nas respostas das entrevistas ao profesorado.

Se ben somos consciente de que as ONGD non son responsables deste factor temporal, resulta imprescindible estudar a posibilidade de adiantar o traballo de campo da avaliación ao mesmo curso académico da intervención. As propias dinámicas dos centros escolares dificultan esta opción, chegando ao final de curso sen dispoñibilidade para poder realizar estas accións.

Non obstante, a organización da mostra de estudantes e a axilización das visitas por parte de ACPP facilitou en gran medida a labor e minimizou a influencia deste condicionante o máximo posible. A excelente dispoñibilidade do profesorado dos centros tamén axudou a solucionar calquera problema que puidera xurdir.

② **As características da liña base do proxecto.** O estudo de liña base foi elaborado por outra empresa ao inicio da intervención. No momento de comezar a avaliación, ter acceso á liña base é unha condición necesaria para poder realizar a análise comparada de datos e establecer o impacto do proxecto no alumnado. Neste caso, o documento entregado non contaba coa explicación das especificidades metodolóxicas precisas para poder comparar os datos do 2016 cos do 2017. Este factor reduce notablemente a calidade da avaliación e dificulta o proceso de análise e interpretación dos datos.

Ante a imposibilidade de obter esa explicación metodolóxica, finalmente se conseguiron os datos dos cuestionarios do alumnado en bruto. Polo que, para garantir certo rigor metodolóxico e reducir as marxes de erro dos resultados, decidiuse tratar desde cero todos os datos cuantitativos da liña base. Isto provocou unha demora importante no prazo de entrega desta avaliación e unha asunción de traballo superior á carga inicialmente pautada.

Este condicionante tampouco pode considerarse responsabilidade directa das ONGD contratantes, quen deixaron constancia da súa disposición e esforzo por superar este obstáculo durante todo momento.

2. PRESENTACIÓN DA INTERVENCIÓN

O presente proxecto acadou financiación mediante a convocatoria de educación para o desenvolvemento da Xunta de Galicia no 2016, contando o consorcio ACP-AGARESO cunha longa traxectoria previa na execución desta intervención (desde o 2011 conseguiron financiamento de xeito ininterrompido na mesma convocatoria).

Dentro da Educación para o Desenvolvemento, este proxecto oríentase a dúas das súas catro dimensións: a sensibilización e a educación-formación.

Ficha resumo da intervención

TÍTULO:	Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego, EpD-CpD VI		
ONGD SOLICITANTE:	Asamblea de Cooperación por la Paz, ACP		
ONGD AGRUPADA:	Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, AGARESO		
PAÍS:	España, Galicia	ORZAMENTO:	47.560,00 €
FINANCIADORA:	Xunta de Galicia	SUBVENCIÓN:	45.000,00 €
INICIO:	1 setembro 2016	FINALIZACIÓN:	31 agosto 2017
SECTOR:	Sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento, CRS 99820		
OBXECTIVO XERAL:	Contribuír ao fortalecemento da educación e comunicación para o desenvolvemento en Galicia.		

Aínda que foi no 2011 cando o consorcio comezou a traballar nesta iniciativa, ACP desenvolve deste 2007 o proxecto con financiación da Xunta de Galicia sen os compoñentes de

comunicación para o desenvolvemento. A base é o programa Escolas Sen Racismo - Escolas pola Paz e o Desenvolvemento (ESR-EPD) que ACPP implementa no conxunto do Estado español. Trátase dun movemento europeo que nace co obxectivo de converterse nunha ferramenta útil para traballar unha educación intercultural e non racista nas escolas.

No curso 2016-2017, o proxecto traballa en todos os niveis do sistema educativo galego. No eido universitario focaliza os esforzos en dúas accións formativas: o Seminario de Xornalismo Social e Comunicación, na USC, e o Curso de Formación Específica para PCR, na UDC. Nos centros de educación infantil, primaria e secundaria empréganse os materiais do ESR-EPD, complementándoos coa oferta de diferentes actividades (como os obradoiros de comunicación para o desenvolvemento).

Nesta ocasión os centros participantes foron os seguintes:

- IES Laxeiro, de Lalín.
- IES G. Torrente Ballester, de Pontevedra.
- IES Milladorio, de Ames.
- IES Xulián Magariños, de Negreira.
- CEIP López Ferreiro, de Compostela.
- CPR Vilas Alborada, de Compostela.
- CEIP Apóstolo Santiago, de Compostela.
- CEIP A Lomba, de Vilagarcía de Arousa.

Ao inicio do proxecto, ACPP-AGARESO presentan aos centros a oferta de accións para o curso académico e, posteriormente, cada un dos centros escolle as que mellor se adaptan ás súas necesidades ou as que lles xeran maior interese. A partires de aí, deséñase a planificación de cada centro para o curso académico 2016-2017, incluíndo as actividades seleccionadas e a súa temporalización. Polo tanto, a intervención en cada centro é diferente e adáptase á súa realidade específica.

Nesta edición, ademais das accións tradicionais do ESR-EPD, engadíronse varias novidades:

① A primeira foi unha aposta por aumentar a oferta de obradoiros de comunicación, unha das liñas con maior demanda nos centros. Así, ademais dos obradoiros de radio e televisión, deseñouse un obradoiro de comunicación de guerrilla para aqueles centros que non podían participar nos primeiros.

② Recollendo unha das demandas do profesorado na edición anterior, decidiuse ampliar a oferta de actividades para o nivel de educación infantil. Cos Contos Solidarios

fomentouse a participación das e dos máis pequenos ao ser elas e eles quen ilustraron os catro contos que finalmente se editaron. Asemade, elaborouse unha guía didáctica que os acompaña para poder empregarse polo profesorado de aquí en diante.

③ Por último, en sintonía cos esforzos de ACPP-AGARESO por dar resposta ás necesidades dos centros, apostouse por incluír unha liña de actuación relacionada coa mediación escolar. Así, e apoiando a iniciativa do departamento de orientación do IES de Laxeiro, púxose en marcha o Equipo de Mediación Escolar e apoiouse con diferentes actividades formativas neste senso (coa colaboración de Atalaia Social). Algunhas destas actividades tamén foron impartidas no IES Xulián Magariños, centro no que xa contaban co Servizo de Medición en marcha.

Atendendo tamén ás inquedanzas deste centro, e a proposta dun dos seus profesores, realizáronse dúas actividades en materia de comercio xusto e consumo responsable: Chocolatada Xusta e Desfiando a Roupa.

3. RESULTADOS DA AVALIACIÓN

3.1. EFICACIA DA INTERVENCIÓN

⇒ **RESULTADO 1. *Facilitados recursos e ferramentas educativas para a reflexión e o análise das realidades, global e local, interculturalidade, a resolución pacífica dos conflitos e xénero en 8 comunidades educativas galegas*** ⇐

Pódese afirmar que o resultado 1 está totalmente acadado tras a execución deste proxecto, realmente se facilitaron recursos e ferramentas educativas para a reflexión e análise das temáticas incluídas no ESR. O número total de alumnado participante é superior ao inicialmente establecido e abarca a oito centros dos tres niveis educativos: infantil, primaria e secundaria.

Ao comezo do curso, ACPP presenta o *dossier* con todas as actividades incluídas no ESR que poderán ser traballadas nos centros. O profesorado que coordina o proxecto decide cales lles interesan máis ou cales cobren as súas necesidades, realizando de xeito conxunto unha planificación para todo o curso académico. Pódense agrupar en dous tipos de actividades diferenciadas: as que imparte algunha entidade externa e as que son responsabilidade do profesorado.

As primeiras execútanse correctamente e lógranse os indicadores establecidos para elas. As segundas dependen directamente da vontade do profesorado para traballalas nas aulas e percíbese un grao de cumprimento máis baixo. Dentro destas pódense englobar os "Contos Solidarios Ilustrados", a exposición "Mira Ti" ou os materiais "De profesión cidadáns/ás (DPC)".

Ao igual que na avaliación que realizamos do proxecto no 2016, obsérvase que o emprego destes materias nas aulas non chega a cumprir os indicadores establecidos. Os contos tiveron cabida só no CEIP Apóstolo Santiago, a exposición Mira Ti empregouse en dous centros e os materiais DPC foron usados en dous institutos. Sen poder saber exactamente cantas profesoras e profesores os empregaron, na súa maioría son os equipos que coordinan o proxecto (normalmente o equipo directivo e departamento de orientación) quen máis se implica nestas actividades, así como algún titor/a dos cursos participantes.

Está corroborado que o consorcio ACPP-AGARESO entrega os materiais aos centros (os cales inclúen a guía didáctica para facilitar o seu uso). A maioría de centros participantes xa contan con eles de edicións anteriores mais se actualizan e se entregan, por exemplo, novos pasaportes para o alumnado ligados ao DPC. Tamén hai unha moi boa valoración por parte do profesorado en xeral da calidade de contidos e metodolóxica dos mesmos. Non obstante, recoñecen que os ritmos de traballo nos centros ou a non implicación das titoras e titores pode imposibilitar que finalmente se inclúan nas aulas.

Neste senso, habería dous puntos de mellora a ter en conta para futuras edicións:

- ✓ Ampliar os esforzos de seguimento e acompañamento aos centros para observar o emprego real dos materiais. Isto tamén facilitará a recompilación de fontes de verificación de cara a medir o cumprimento de indicadores, algo que actualmente debe mellorarse.
- ✓ Engadir actividades orientadas ao profesorado para mellorar a súa implicación e interese polas temáticas do ESR. Non tanto para o profesorado xa implicado, senón para ampliar o número de docentes participantes.

Se ben se confirma que os resultados deste proxecto son totalmente adecuados, potenciando este eido poderíase incrementar notablemente o seu impacto e consolidar a súa sostibilidade futura. Un profesorado que empregue os materiais nas súas titorías durante un curso e ademais estea comprometido, no futuro poderá continuar traballándoos con outros grupos ou noutros centros de xeito autónomo.

Para rematar con este resultado, mencionar que as actuacións destinadas a traballar coas ANPAS tampouco se plasmaron en iniciativas concretas. Este é o segundo ano que se aposta por este tipo de público ao percibir a necesidade de traballar tamén coas familias as temáticas do ESR, mais non se acaba aínda de identificar o xeito máis proveitoso para facelo. Se ben é certo que a experiencia deste ano coa ANPA do CEIP Apóstolo Santiago tivo un impacto positivo claro e importante: a incorporación do centro no proxecto ao ser a propia ANPA quen intercedeu co equipo directivo despois de coñecelo e percibir a importancia de traballalo desde as aulas para chegar a un público maior.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV1.1. Ao 10º mes, 8 centros de ensino non universitario participan nas actividades do proxecto ESR, EPD durante o curso 2016-2017.	ALTO	7 centros incorporáronse desde o inicio e 1 na segunda anualidade (CEIP Apóstolo Santiago).
IOV1.2. Ao 10º mes, polo menos, 350 alumnos/as de educación primaria e 375 alumnos/as de educación secundaria de 8 centros de ensino reciben sensibilización sobre actitudes que faciliten o respecto ás e aos demais, interculturalidade e a igualdade de xénero dentro e fóra das aulas.	ALTO	Destes 8 centros participaron nesta edición do ESR un total de 687 estudantes de secundaria (347 nenos, 340 nenas) e 461 de primaria (217 nenos, 244 nenas). Polo tanto o indicador ten un grao de cumprimento do 132% en primaria e do 183% en secundaria.
IOV1.3. Ao mes 1º, 20 intervencións de teatro foro sobre xénero, interculturalidade e prevención de conflitos implementadas en 8 centros.	MEDIO-ALTO	Esta actividade realizouse en 4 dos 8 centros: IES Milladoiro (con 4 intervencións en diferentes grupos), CPR Vilas Alborada (con 2 intervencións), IES Torrente Ballester (3 intervencións) e IES Laxeiro (3 intervencións). Estes obradoiros teñen unha duración de 50 min. Como algúns centros renunciaron á realización desta actividade, decidiuse incorporar unha sesión de Teatro Foro (de 4 horas) no Seminario de Xornalismo Social. Tamén decidiuse ofertar un obradoiro de Teatro Foro (de 2 horas) no Centro Sociocultural "A Gentalha do Pichel" para público adulto (participaron 8 persoas). En total realizáronse 14 intervencións de Teatro-Foro cunha duración total de 18 horas.

<p>IOV1.4. Ao 9º mes, polo menos 10 mozos/as do IES Laxeiro (cando menos a metade rapazas) e 3 docentes participan nun curso de formación en Mediación Escolar de 9 horas.</p>	<p>ALTO</p>	<p>Finalmente o programa formativo foi de 10 horas, repartidas en 4 sesións, e participaron 15 estudantes (13 nenas, 2 nenos) e 9 docentes de IES (5 mulleres, 4 homes).</p> <p>A satisfacción desta actividade é moi alta, tanto polo profesorado implicado como polo alumnado. Esta actividade realizouse fóra do horario escolar polo que a participación foi totalmente voluntaria e demostra o interese no tema.</p>
<p>IOV1.5. Ao 10º mes de execución do proxecto, polo menos 2 obradoiros de habilidades sociais e técnicas de teatro impartidos no IES Laxeiro e no IES Xulián Magariños e dirixido ao alumnado mediador.</p>	<p>ALTO</p>	<p>Realizouse o Obradoiro de Habilidades Sociais e Teatro para o Servizo de Mediación Escolar nos 2 centros (duración de 4,5 horas en 3 sesións). En total participaron 34 persoas (11 homes, 23 mulleres).</p>
<p>IOV1.6. Ao 10º mes, polo menos 150 alumnos/as de educación infantil reciben sensibilización sobre diversidade, xénero e solidariedade.</p>	<p>ALTO</p>	<p>Este indicador ten unha porcentaxe de cumprimento do 138%, participando no ESR deste curso un total de 207 estudantes (105 nenas, 102 nenos) de 3 centros educativos.</p>
<p>IOV1.7. Ao 10º mes, 3 Contos Solidarios ilustrados polo alumnado de infantil e editado e difundido o material.</p>	<p>ALTO</p>	<p>Finalmente foron 4 os contos ilustrados polo alumnado de infantil do CEIP Apóstolo Santiago.</p>
<p>IOV1.8. Ao 10º mes, polo menos, 8 centros educativos reflexionan sobre prexuízos co material Mira ti.</p>	<p>MEDIO</p>	<p>Segundo os certificados aportados polos propios centros, unicamente 3 centros confirman o emprego deste material neste curso: CEIP A Lomba, CPR Vilas Alborada e IES Laxeiro.</p> <p>Dos 4 centros visitados durante a avaliación, o CPR Vilas Alborada recoñeceu que non empregaran os materiais no curso 16-17 por cuestión de tempo. Así que serían 2 os centros que os empregaron. Non obstante, o que si se fixo foi entregar o material aos 8 centros.</p>
<p>IOV1.9. Ao 10º mes, polo menos 12 docentes de secundaria traballan co material DPC "Xénero" e "Migrantes e Refuxio".</p>	<p>MEDIO</p>	<p>Segundo os informes presentados polos centros, o IES Laxeiro e o IES Milladoiro traballaron con este material fundamentalmente nas horas de titorías. Ambos centros foron visitados nesta avaliación: no Laxeiro ratifican que si foron empregados pola orientadora do centro e algún titor/a; en Milladoiro foi empregado polo equipo de orientación, non así polos titores/as dos grupos.</p> <p>Resulta difícil saber exactamente o número de docentes que os traballaron, si foron entregados a todos os centros pero non se rexistra oficialmente quen o utiliza. Pódese estimar que nestes 2 centros houbo sobre 10 docentes implicadas/os.</p>

IOV1.10. Ao 10º mes, realizadas polo menos 11 obradoiros de prevención de violencia de xénero coa participación de 245 alumnas e alumnos.	ALTO	Realizáronse 12 obradoiros de 110 minutos nun total de 5 centros: IES Laxeiro (4), IES Xulián Magariños (1), IES Torrente Ballester (3), IES Milladoiro (3) e CEIP Apóstolo Santiago (1). A participación total foi de 270 estudantes (120 rapazas, 150 rapaces).
IOV1.11. Ao finalizar o proxecto, polo menos o 50% das actividades organizadas pola ANPA do CEIP Apóstolo Santiago incorporan temáticas solidarias.	MODIFICACIÓN	As dinámicas finais xurdidas levaron a que as actuacións se xestionasen a través do propio equipo directo do centro para aumentar o impacto. Isto foi á proposta da propia ANPA e foi ela quen facilitou a entrada no centro. Grazas a este esforzo e interese da ANPA, o CEIP Apóstolo Santiago entrou no 2017 a formar parte do ESR.

⇒ **RESULTADO 2. Melloradas e aplicadas as capacidades do alumnado de 7 centros educativos (primaria e secundaria) en materia de comunicación para o desenvolvemento para a creación dos seus propios discursos solidarios** ⇐

Tamén o resultado 2 foi acadado coa execución do proxecto. O alumnado de sete centros participantes melloraron as súas capacidades en materia de comunicación para o desenvolvemento (queda fóra o IES Xulián Magariños).

Todos os indicadores teñen un cumprimento do 100% ou máis. A única modificación foi en relación a orientar finalmente os obradoiros de radio e televisión para o alumnado de primaria, ofrecendo ao de secundaria as actividades de Comunicación de Guerrilla (o cal non inflúe na consecución do resultado agardado).

Asemade, o profesorado e o alumnado entrevistado manifestan unha satisfacción moi alta coas accións de comunicación (máis cos obradoiros de radio e televisión). O profesorado sinala ademais o atractivas que resultan para os seus estudantes. Tamén os produtos finais resultado das formacións son de moito interese e cunha notable calidade, converténdose en ferramentas útiles para mellorar a difusión do ESR.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV2.1. Ao 10º mes, polo menos 30 alumnos/as de educación primaria (cando menos a metade rapazas) e 30 alumnos/as de secundaria (cando menos a metade rapazas) participan en 2 obradoiros de radio e 2 obradoiros de TV.	ALTO	Finalmente, debido tamén ás propias demandas dos centros, estes obradoiros orientáronse ao alumnado de primaria. Realizáronse 2 obradoiros de radio e 2 de televisión cunha participación total de 65 estudantes (28 nenas, 37 nenos).
IOV2.2. Ao 10º mes, realizados 2 obradoiros de radio de 6 sesións e 2 de TV de 6 sesións, de 1h30' de duración cada sesión.	ALTO	A valoración desta actividade nos centros é moi positiva, tanto polo alumnado como polo profesorado. O feito de ser unha das actividades máis longas, ademais do atractivo das ferramentas para as rapazas, pode ser un factor que inflúa. Cada un destes 4 obradoiros está conformado por 6 sesións de 100min cada unha.
IOV2.3. Ao 10º mes, polo menos 2 programas de radio editados e difundido pola rede de centros ESR, EpD.	ALTO	Como produtos dos 2 obradoiro de radio, editáronse 3 pezas de audio: 1 do López Ferreiro, 1 do Apóstolo Santiago e 1 conxunta do alumnado do Apóstolo Santiago e o Vilas Alborada.
IOV2.4. Ao 10º mes, polo menos 2 reportaxes audiovisuais editadas e difundidas pola rede de centros ESR, EpD.	ALTO	Como produtos dos 2 obradoiros de televisión, editáronse 2 reportaxes audiovisuais: unha de gran calidade e atractivo do Vilas Alborada e outra de A Lomba.
IOV2.5. Ao 10º mes, polo menos 45 alumnas/os (cando menos a metade rapazas) participan en 3 obradoiros de Comunicación de Guerrilla de 2 horas de duración cada un impartidos en 3 centros da rede ESR, EPD.	ALTO	Estes obradoiros foron impartidos no IES Laxeiro, no IES Milladoiro e no IES Torrente Ballester. Participaron un total de 66 estudantes, sen poder desagregar os datos segundo sexo nos 3 obradoiros. Si sabemos que en dous dos obradoiro houbo 29 rapazas e 13 rapaces, polo que todo apunta a que máis da metade foron mulleres.

⇒ RESULTADO 3. Fortalecidas as capacidades e os coñecementos do alumnado universitario galego en materia de cooperación e comunicación para o desenvolvemento ⇐

Coa execución do ESR 2016-2017 logrouse fortalecer tamén as capacidades do alumnado universitario en materia de cooperación e comunicación para o desenvolvemento. Conseguiuse grazas a dúas actuacións: o Seminario de Xornalismo Social e Cooperación, celebrado na USC, e o Curso de Formación Específica para PCR, na UDC.

No seminario matriculáronse inicialmente 17 persoas, participando finalmente 13 estudantes (11 mulleres). Analizando as enquisas percíbese que a satisfacción do alumnado é alta. Nunha escala do 1 ao 5, a valoración de cada unha das sesións sitúase entre o 4 e o 5. Todas as persoas que asistiron ao módulo de "Audiovisual comprometido" o puntúan cun 5, e

o de "Fotoxornalismo" conta cunha media de 4,8³. Tamén conta cunha valoración alta (4,8 sobre 5) a coordinación da actividade por parte de Agareso e absolutamente todas as persoas recoñecen que cumpriu as súas expectativas, de feito a maioría manifesta que non só as cumpriu senón que as superou.

A pesares de establecerse no documento do proxecto que dúas persoas realizarían unha estadía en Marrocos, igual que o ano pasado e debido á boa acollida nas matrículas, púidose ofrecer a posibilidade de coñecer a realidade en terreo a tres estudantes do seminario. Esta parte é un valor engadido da formación e un elemento diferenciador en comparanza con outros cursos, algo que sen dúbidas continúa a ser unha fortaleza deste proxecto. Nunha das memorias elaboradas por estas tres persoas pode lerse o que pensamos que resume á perfección a nosa valoración da estadía: *"A viaxe a Marrocos foi a cúspide perfecta de todo o camiño de aprendizaxe que percorremos durante o tempo que durou o seminario"*.

Por todos estes motivos, se ben non se chegou ao número de participantes inicialmente establecido (20), isto non inflúe na consecución do resultado. Non obstante, para poder aumentar á matrícula no futuro poderíase estudar a posibilidade de negociar coa USC a obtención do recoñecemento académico da actividade con algún crédito ECTS (algo que sempre resulta un incentivo para o alumnado universitario).

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV3.1. Ao finalizar o proxecto, 35 alumnas e alumnos universitarios contan con coñecementos sobre cooperación e comunicación para o desenvolvemento con enfoque de xénero.	MEDIO-ALTO	Este indicador está cumprido nun 83% ao chegar a un total de 29 estudantes de universidade (25 rapazas, 4 rapaces) a través de dúas accións formativas: 1 na USC e 1 na UDC.
IOV3.2. Ao 10º mes, 20 estudantes (cando menos a metade rapazas) participan nun Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional de 40 horas lectivas de carácter teórico.	MEDIO-ALTO	Finalmente foron 13 as persoas participantes no Seminario (11 mulleres, 2 homes), a pesares de que inicialmente matriculáronse 17 persoas.
IOV3.3. Ao finalizar o proxecto, polo menos 2 dos 20 alumnos/as do Seminario de Xornalismo Social e Cooperación Internacional terán participado nunha estancia de 8 días en Marrocos.	ALTO	Ao igual que o ano anterior, e grazas ao número de matrículas acadadas no Seminario, finalmente foron 3 as persoas que realizaron a estadía en Marrocos.
IOV3.4. Ao 6º mes, polo menos 15 estudantes universitarios/as (cando menos a metade rapazas), participan nun Curso de Introducción á Cooperación e a Educación para o desenvolvemento de 20 horas lectivas de carácter teórico-práctico.	ALTO	O curso realizouse na UDC para o alumnado que obtivo unha bolsa de PCR a través da OCV. Cunha duración de 20 horas e unha participación de 16 estudantes (14 mulleres, 2 homes).

³ No Anexo 5.2 están as valoración medias de todas as sesións.

En relación ao curso de Formación Específica para PCR da UDC, a única modificación foi que finalmente realizouse na UDC e non na USC como estaba planificado. A falta de resposta do SEPIU, departamento co que se acordara a realización do mesmo, e a solicitude da OCV para impartir unha formación de introdución á cooperación e educación para o desenvolvemento ás persoas que obtiveran unha bolsa PCR, levaron a tomar a decisión de trocar o lugar. Este cambio non afecta á consecución do resultado, mesmo puido axudar ao seu cumprimento final.

Se ben as valoracións dos módulos por parte do alumnado son algo máis baixas que as do seminario, o grado de satisfacción xeral coa activade é de 4,3 sobre 5, igual que o grado de satisfacción das expectativas⁴.

⇒ **RESULTADO 4. Ao finalizar o proxecto, implementado un plan de seguimento e avaliación participativo do proxecto e un plan de comunicación** ⇐

En comparanza co resto de resultados, neste caso o grado de cumprimento é menor. Se ben se puxeron en marcha o plan de seguimento e avaliación e o de comunicación, os logros acadados non se consideran de todo satisfactorios.

O Plan de Comunicación do proxecto é o mesmo que o da edición anterior, xustificando no feito de que o contexto e obxectivos da intervención son os mesmos. Os froitos desta estratexia foron catro impactos mediáticos, en lugar dos 20 inicialmente establecidos. Para futuras edicións sería interesante avaliar internamente o motivo polo que se quedou tan lonxe do fixado. Externamente percíbese que ou ben o índice establecido no inicio foi excesivamente ambicioso, polo que se debería de marcar unha meta menor, ou ben pode ser que os esforzos destinados á implementación do plan non fosen os suficientes para garantir o cumprimento da meta. Neste caso, a recomendación pasaría por analizar cales son os recursos necesarios para acadar o éxito do plan e, a partir de aí, decidir se compensa ou non mantelo neste proxecto.

⁴ No Anexo 5.2 están as valoracións medias de todas as sesións.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV4.1 Ao 1º mes , 1 plan de comunicación deseñado e posto en marcha.	ALTO	Elaborado e posto en marcha. Se ben cabe mencionar que, ao tratarse dunha nova edición dun proxecto con longa traxectoria, o plan de comunicación é o mesmo do ano pasado (algo lóxico xa que as condicións son practicamente as mesmas). Polo que os esforzos oriéntanse non tanto ao seu deseño como á súa implementación.
IOV4.2. Ao 1º mes, elaborada unha liña de base que involucrou aos grupos meta (profesorado e alumnado).	ALTO	Liña base elaborada coa participación dunha mostra do alumnado e profesorado participante: CPR Vilas Alborada, IES Milladoiro, IES Laxeiro.
IOV4.3. Ao 10º mes, polo menos 1 xuntanza trimestral de seguimento das actividades realizadas nos 8 centros de ensino.	SEN DATOS OBXECTIVOS	Cóntase tamén co Plan de Seguimento elaborado. Ao igual que o Plan de Comunicación, é moi similar ao da edición anterior xa que as dinámicas do proxecto son as mesmas, polo que o esforzo debería orientarse á súa posta en práctica. É neste punto no que se percibe que realmente non se implementou de xeito totalmente satisfactorio. De feito non se conta con fontes de verificación obxectivas para medir o cumprimento destes indicadores.
IOV4.4. Ao finalizar o proxecto, polo menos 1 xuntanza de avaliación das actividades realizadas nos 8 centros de ensino.		Unha vez analizado o Plan, considérase unha moi boa ferramenta de xestión (incluíndo modelos de fichas de seguimento de actividades e de reunións) e recoméndase que en futuras edicións se empregue.
IOV4.5. Ao finalizar o proxecto, polo menos 1 xuntanza mensual de seguimento e avaliación realizadas entre o persoal de ACPP e AGARESO.		
IOV4.6. Ao finalizar o proxecto, polo menos 35 enquisas de avaliación realizadas do plan de formación dirixido a estudantes universitarios/as.	MEDIO-ALTO	En concordancia co IOV3.1, o número de enquisas redúcese ao reducirse o número de alumnado universitario participante.
IOV4.7. Ao finalizar o proxecto, polo menos 105 enquisas de avaliación realizadas dos obradoiros de comunicación para o desenvolvemento (radio, televisión e guerrilla).	ALTO	Ligado ao IOV2.1 e IOV2.5, o número final de participantes nestas actividades foi maior: 131 persoas. Polo que o número de enquisas foi superior ao indicado. Para a elaboración desta avaliación entregouse unha mostra delas, non todas. Deste xeito revisamos un total de 14 enquisas do obradoiro de radio do CEIP López Ferreiro e 21 do obradoiro de televisión do CPR Vila Alborada. A dinámica de traballo de AGARESO apunta a que, se ven non tivemos acceso a todas as enquisas, seguramente foron realizadas en todas as actividades.

IOV4.8. Ao finalizar o proxecto, polo menos 20 aparicións do proxecto en medios de comunicación.	BAIXO	Nos materiais entregados por ACPP-AGARESO atópase un dossier de prensa con 4 aparicións en medios do proxecto: 1 en xornalistas.gal, 1 no xornal da USC, 1 en novasdoeixoatlantico.com, 1 en galiciasurpontevedra.es. As 3 primeiras en relación a la apertura de matrícula do Seminario e a última sobre o obradoiro de Comunicación de Guerrilla en Lalín. Asemade realizamos unha busca en Google polo nome do proxecto e das entidades coordinadoras e non se atoparon máis aparicións en medios no período de execución.
--	--------------	---

En canto ao Plan de Seguimento e Avaliación, as accións máis relacionadas coa parte de avaliar foron executadas correctamente. Cóntase coa Liña Base da intervención que mellora a posibilidade de medir o impacto real do proxecto actualmente, realizáronse as enquisas de valoración establecidas para as formacións en materia de comunicación e para o público universitario.

En cambio, as accións relacionadas co seguimento (incluídas no propio plan) presentan algunha deficiencia que dificulta a avaliación final da intervención. Os indicadores 3, 4 e 5 non poden ser verificados obxectivamente xa que non se empregaron as fichas que recolle o plan para facer constar a realización de actividades e reunións.

Durante o proceso da avaliación entrevistáronse a docentes de catro centros, quen sempre manifesta que o acompañamento, apoio e as visitas de ACPP-AGARESO son as adecuadas (explicando tamén que moitas veces a coordinación faise sen necesidade de reunións presenciais, usando o email ou teléfono). Sen poder asegurar totalmente que se cumpriron os indicadores, fundamentalmente porque só se visitou a metade dos centros, pódese afirmar que a priori as probabilidades de que se acadasen son altas.

Aínda así, e ligado á recomendación mencionada na análise do resultado 1, sería convinte dedicar un maior esforzo ao proceso de seguimento durante a execución do proxecto. Non só co obxecto de recompilar as fontes de verificación (que tamén), senón para poder incidir con maior forza na implicación do conxunto do profesorado.

➤ **OBXECTIVO ESPECÍFICO. Mellora das capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ensino infantil, de primaria, de secundaria e universitario galego** ⇐

Tendo en conta o visto ata agora e observando o bo cumprimento destes indicadores, pode afirmarse que o obxectivo específico foi acadado coa intervención e realmente se melloraron as capacidades e ferramentas xeradoras de conciencia crítica no ámbito educativo galego.

INDICADORES	CUMPRIMENTO	EXPLICACIÓN
IOV1. Ao finalizar o proxecto, polo menos 1.000 alumnas e alumnos participan dun proceso de análise crítica sobre as realidades global e local, o fenómeno da interculturalidade, a resolución pacífica de conflitos e a igualdade de xénero.	ALTO	Nesta edición do ESR participaron un total de 1.319 estudante (679 nenos, 640 nenas), o que supón un cumprimento do 132%.
IOV2. Ao finalizar o proxecto, melloradas as ferramentas e capacidades do profesorado da rede de centros Escolas Sen Racismo, Escolas para a Paz e o Desenvolvemento para a incorporación da ED na súa práctica educativa.	MEDIO-ALTO	Ao ser un indicador non específico nin medible, resulta difícil establecer o seu grado de cumprimento. Enténdese que coa entrega, e actualización, de materias didácticas aos centro apúntase á consecución deste indicador. Así como co acompañamento ao longo do proceso.
IOV3. Ao finalizar o proxecto, polo menos 35 estudantes universitarios/as recibiron formación e sensibilización en cooperación e comunicación para o desenvolvemento.	MEDIO-ALTO	Ligado ao cumprimento do IOV3.1.

En relación ao indicar 2, mencionar que se opta por establecer un cumprimento medio-alto ao considerar que si se melloraron as ferramentas e capacidades do profesorado por medio da entrega (ou simplemente actualización na maioría de casos nos que xa participaran previamente) dos diferentes materiais didácticos do ESR-EPD: Manifesto ESR, Mira Ti, DPC Xénero e Migrantes e Refuxio, Contos Solidarios Ilustrados. Estes contan cun nivel de satisfacción elevado entre o profesorado entrevistado, igual que o do ano pasado, recoñecen que son ferramentas útiles para complementar a súa actividade docente e que teñen capacidade para empregalos de xeito autónomo. Consideran que tanto os contidos como a metodoloxía empregada son apropiadas para ás idades do seu alumnado.

Pola súa banda, a satisfacción do alumnado co proxecto tamén é notable. Como se observa na táboa seguinte, o 90% do alumnado enquisado recomendaría ás súas compañeiras e compañeiros participar nestas actividades. Isto é un claro sinal de que o consideran como algo positivo.

Táboa 1. Porcentaxe de alumnado que recomendaría ou non ás súas compañeiras/os participar no proxecto segundo nivel educativo e sexo.

		SI	NON
INFANTIL	Nena	83%	17%
	Neno	67%	33%
	Subtotal	75%	25%
PRIMARIA	Nena	100%	0
	Neno	100%	0
	Subtotal	100%	0
SECUNDARIA	Nena	100%	0
	Neno	90%	10%
	Subtotal	95%	5%
GLOBAL	Nena	94%	6%
	Neno	86%	14%
	Total	90%	10%

Fonte: Elaboración propia.

A valoración das actividades nas que participaron é excelente. Nunha escala de 1 ao 5 (sen 1 non me gustou nada e 5 gustoume moito), a media da puntuación en primaria é de 4,6 e en secundaria de 4,1. Na táboa 2 recóllense as medias segundo cada unha das actividades nas que participaron. Hai que ter en conta que as mostras de alumnado de cada unha das actividades son pequenas e non poden tomarse como a representación da opinión da totalidade de persoas participantes. Non obstante, si poden percibirse tendencias a considerar.

Por exemplo, os datos das táboas 1 e 2 amosan unha tendencia clara: o grado de satisfacción é levemente menor entre os rapaces que entre as rapazas. Algo que se apoia tamén nos resultados da análise do apartado seguinte (comparanza entre antes e despois de participar no proxecto), recomendando re-adaptar as actuación para lograr incidir en maior medida na implicación dos nenos.

Táboa 2. Valoración media das actividades nunha escala do 1 ao 5, sendo 1 non me gustou nada e 5 gustoume moito, segundo sexo.

ACTIVIDADES	VALORACIÓN MEDIA		
	Nenas	Nenos	Total
PRIMARIA			
<i>Teatro Foro e Xogos Interculturais</i>	4,9	4,1	4,6
SECUNDARIA			
<i>Obradoiro prevención de violencia de xénero</i>	3,3	2,5	3,1
<i>Teatro Foro</i>	4,5	3,5	4,3
<i>Obradoiro Comunicación de Guerrilla</i>	4,7	3,9	4,3
<i>Formación Servizo de Mediación Escolar</i>	4,2	-----	4,2

Fonte: Elaboración propia.

Tamén amosan a boa percepción do alumnado as súas respostas a tres preguntas abertas do cuestionario: "Que cousa o cousas son as que menos che gustaron?", "Que foi o mellor deste proxecto para ti?" e "Se tiveses que definir o que foi a actividade para ti nunha palabra ou frase curta, sería...".

A gran maioría de estudantes, no momento de citar as cousas que menos lles gustaron, non atopan ningunha e recoñecen que todo lles gustou. Algunhas recomendacións son en relación a destinar máis tempo ou máis sesións ás actividades ou a ampliar a parte práctica, algo que non pode considerarse como algo negativo do proxecto.

No momento de definir o que supuxo para ela ou el a actividade, as palabras que saíron son:

Interesante || Aprendizaxe || **XENIAL** ||
Coñecer cousas novas || Igualdade || Aprender a ser bos e ter un
futuro mellor || **SI Á IGUALDADE** || Aprender xogando
|| **INCRIBLE** ||
Aprendizaxe, **TOLERANCIA**, respecto || Divertida || **REFLEXIÓN** ||
EMPATÍA = xa que nos puxemos no sitio das persoas
que sofren algún tipo de acoso ||
Actividade produtiva || Educativa e interesante || **DIVINA** ||
Importante || Sacar á luz as realidades escondidas || Unha denuncia
dunha maneira didáctica
|| **IMPRESINDIBLE** ||

Partindo de todo o analizado ata agora, para coñecer o impacto da intervención é preciso observar os cambios en canto a coñecementos, actitudes e comportamentos do alumnado participante. Para elo emprégase os datos da Liña Base realizada, comparándoos cos obtidos no momento de realizar esta avaliación.

3.2. IMPACTO DA INTERVENCIÓN

Como xa se mencionou anteriormente, os centros seleccionados como mostra para participar na avaliación foron catro: CPR Vilas Alborada (con 22 estudantes de 6º de primaria), IES Milladoiro (con 16 estudantes de 1º e 2º da ESO), IES Laxeiro (16 estudantes de 3º e 4º da ESO e 3 de Bacharelato) e o CEIP Apóstolo Santiago (18 estudantes de 1º de primaria, no curso 2016-2017 eran de infantil).

Para comparar os cambios do alumnado entre o punto inicial, antes de participar no ESR-EPD, e o final empréganse só os datos dos tres primeiros centros que son os que se tiveron en conta no momento de realizar a Liña Base. Deste xeito, queda fóra da análise o público de educación infantil.

Na Liña Base seleccionouse ao alumnado de infantil do Vilas Alborada e agora habería que realizar a comparanza co do Apóstolo Santiago, perdendo todo o rigor da análise ao non tratarse do mesmo grupo e ser unha mostra tan reducida. Desde a nosa opinión, e coñecendo a realidade dos centros e as súas diferencias, as conclusións extraídas desta análise comparada diferenciada non serían válidas e xeneralizables.

O motivo polo que non se empregou de novo ao alumnado de infantil do Vilas Alborada para realizar a avaliación foi que, finalmente, non traballaron as actividades ligadas ao proxecto que lles correspondían: os Contos Solidarios Ilustrados.

Debido a non ter acceso á explicación metodolóxica coa que se elaborou a análise no estudo de Liña Base, realizouse de novo o tratamento de datos do inicio para poder realizar a análise comparada cos resultados actuais. Nesta ocasión optamos por empregar unha escala de catro valores para posicionar ao alumnado en relación ás tres dimensións establecidas: alto / medio-alto / medio-baixo / baixo.

Ao ter que deseñar de novo a metodoloxía de análise, decidiuse non só presentar os resultados unificados nun índice (condutual, socioemocional e cognitivo) senón observar tamén a posición en cada índice atendendo ás temáticas establecidas (glocal, cidadanía global; interculturalidade; xestión pacífica de conflitos; igualdade de xénero).

Se ben é certo que os ítems recollidos nos cuestionarios son escasos para poder extraer conclusións rigorosas (só 2 preguntas por temática en cada dimensión), poden amosar tendencias que deberán ser tidas en conta en futuras intervencións.

⇒ ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA ⇐

A conclusión máis relevante da comparación entre a posición global do alumnado antes e despois da intervención é que, en termos xerais, non se observan cambios substanciais en ningunha das tres dimensións.

Inicialmente, o 95,32% do alumnado situábase nunha posición alta ou media-alta na dimensión condutual, na dimensión socioemocional era o 92,52% e na cognitiva era o 74,3%. Tras participar en ESR-EPD, as porcentaxes para esas mesmas variables quedan en 94,17%, 89,12% e 72% respectivamente.

Os datos reflexan que a situación de partida do alumnado era magnífica, cun nivel alto en canto a coñecementos, actitudes e comportamentos. Debido a elo, a mellora neses índices resultaba cando menos pouco probable debido: por un lado, ao difícil que é acadar uns niveis superiores ao 95%, por exemplo, xa que supón chegar a unha homoxeneidade de respostas que non é factible nin real; por outro, a que as accións nas que participou este alumnado foron en xeral breves e non poden chegar a xerar cambios por si mesmas.

En relación isto último, hai que sinalar que o alumnado seleccionado para a avaliación foi o de 6º de primaria, que no curso 2016-2017 estaba en 5º, e a única actividade na que participaron foi a de "Teatro Foro e Xogos Interculturais" (cunha duración de 1 hora). O alumnado que participara con maior continuidade fora o de 6º e, no momento da avaliación, xa non estaban no centro por pasar a secundaria. Así que a solución foi traballar con esa mostra sendo conscientes de que non era a idónea.

Asemade, da nosa experiencia co CPR Vilas Alborada, pensamos que este centro non é o máis recomendable para medir o impacto da intervención xa que a súa propia dinámica de traballo leva a que o seu alumnado amose un coñecemento e práctica das temáticas de EpD excelente (moi superior ás medias doutros centros). Deste xeito, percibir o impacto real da actuación aí sempre vai ter un sesgo importante e non poderá considerarse como representativo do resto de centros.

Táboa 3. Comparanza da posición do alumnado de primaria na dimensión condutual antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxe.

		DIMENSIÓN CONDUTUAL				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alta	82,38	80,74	62,89	69,27	73,82
	Media-Alta	15,70	15,98	30,18	24,14	21,50
	Media-Baixa	1,92	3,27	4,29	5,62	3,78
	Baixa	0,00	0,00	2,64	0,96	0,90
AVALIACIÓN	Alta	66,24	75,48	70,73	70,09	70,63
	Media-Alta	26,28	24,52	24,57	18,80	23,54
	Media-Baixa	4,70	0,00	4,70	8,33	4,43
	Baixa	2,78	0,00	0,00	2,78	1,39

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 4. Comparanza da posición do alumnado de primaria na dimensión socioemocional antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxe.

		DIMENSIÓN SOCIOEMOCIONAL				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alta	76,90	77,91	85,99	75,73	79,13
	Media-Alta	16,94	15,23	7,35	14,06	13,39
	Media-Baixa	2,60	4,25	4,02	4,63	3,87
	Baixa	3,56	2,61	2,65	5,59	3,60
AVALIACIÓN	Alta	56,22	81,20	78,61	78,11	73,53
	Media-Alta	26,24	8,55	13,22	14,33	15,59
	Media-Baixa	11,65	4,70	3,13	2,00	5,37
	Baixa	5,88	5,56	5,05	5,56	5,51

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 5. Comparanza da posición do alumnado de primaria na dimensión cognitiva antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxe.

		DIMENSIÓN COGNITIVA				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN DE CONFLITOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alta	35,17	52,67	76,44	67,97	58,06
	Media-Alta	15,18	15,60	17,91	16,26	16,24
	Media-Baixa	13,33	7,59	3,99	7,83	8,18
	Baixa	36,32	24,15	1,66	7,94	17,52
AVALIACIÓN	Alta	27,76	65,38	74,77	66,24	58,54
	Media-Alta	16,94	12,18	12,56	12,18	13,46
	Media-Baixa	15,76	8,33	12,67	14,10	12,72
	Baixa	39,53	14,10	0,00	7,48	15,28

Fonte: Elaboración propia.

Desagregando cada unha das dimensións en función das catro temáticas analizadas, obsérvase unha leve tendencia de mellora no eido da interculturalidade. Isto pode apreciarse na táboa seguinte na que, como exemplo, resúmense as variacións do alumnado situado nunha posición alta.

Táboa 6. Variación do alumnado situado nunha posición alta segundo dimensión e temática. Porcentaxe.

DIMENSIÓN	TEMÁTICAS			
	Glocal	Intercult.	Xestión de conflitos	Igualdade de xénero
· Condutual	↓16%	↓5%	↑8%	↑1%
· Socioemocional	↓21%	↑3%	↓7%	↓2%
· Cognitiva	↓7%	↑13%	↓2%	↓2%
TOTAL	↓15%	↑4%	↓0,3%	↓1%


Fonte: Elaboración propia.

Observar os datos desagregados por temática resulta interesante, non tanto para o presente estudo xa que non se perciben impactos relevantes, como para detectar as necesidades do alumnado en futuras intervencións. Por exemplo, tanto na Liña Base como na avaliación a visión "glocal e cidadanía global" é o eixo no que o seu coñecemento é notablemente menor en comparanza cos outros tres, polo que tería sido interesante adaptar os contidos tratados a potenciar esta liña.

Tampouco a análise das evolucións segundo o sexo teñen sustento debido a que as modificacións globais das que xa falamos non son substanciais. Inclúense aínda así os datos porque, como xa se mencionara no estudo da Liña Base, existen diferencias notables que pode ser interesante ter en conta en futuras intervencións.


Nas tres dimensións establecidas, as rapazas presentan unha posición máis alta que os rapaces. Se agregamos as categorías de posición alta e media-alta, atopamos que no momento de realizar a avaliación elas sitúanse 7 puntos porcentuais por riba deles na dimensión condutual, 10 puntos na socioemocional e ata 20 puntos na cognitiva. Se ben nas dúas primeiras dimensións a porcentaxe de rapaces en posicións altas é elevada, na cognitiva tan só chegan ao 62%. Isto indica que as actuacións nas aulas deben ter en conta esta situación de partida para aspirar a acadar un maior equilibrio segundo o sexo, realizando un maior esforzo por atraer ao alumnado masculino.

Gráfico 1: Evolución da posición do alumnado de primaria na dimensión condutual segundo sexo.




Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 2: Evolución da posición do alumnado de primaria na dimensión socioemocional segundo sexo.



Fonte: Elaboración propia.

Gráfico 3: Evolución da posición do alumnado de primaria na dimensión cognitiva segundo sexo.



Fonte: Elaboración propia.

⇒ ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA ⇐


A mostra do alumnado de secundaria está conformada por un total de 35 persoas (10 rapaces e 25 rapazas) de diferentes cursos do IES de Milladoiro (16 estudantes) e do IES Laxeiro (19 estudantes). No curso 2016-2017 participaron nalgunha das seguintes actividades do ESR-EPD: Obradoiro de prevención de violencia de xénero (9), Obradoiro de comunicación de guerrilla (15), Teatro Foro (10), Servizo de Mediación Escolar (6).

Para analizar o impacto da intervención, compárase a posición do alumando respecto a cada dimensión en dous momentos: antes de participar no proxecto e ao finalizar.

Se ben os resultados non poder chegar a ser totalmente fiables, a tendencia amosa un impacto positivo en dúas dimensión (socioemocional e cognitiva) e a estabilidade na condutual (ver Gráfico 4). Ao agrupar as categorías "alto" e "medio-alto", obsérvase que en relación aos valores e actitudes produciuse un leve aumento porcentual do número de alumnado que se sitúa nunha posición alta (pasando do 85% ao 88%). O aumento é máis notable en relación á comprensión de coñecemento, pasando do 76% inicial ao 83%. Este dato é significativo xa que nesta dimensión cognitiva era na que se partía de posicións máis baixas, recomendando incluso a empresa que realizara a Liña Base focalizarse neste eido.

Pode afirmarse, polo tanto, que o proxecto avaliado provocou un impacto positivo no alumnado de secundaria, mellorando ás súas capacidades e ferramentas xerados de conciencia crítica e, así, fortalecendo a súa futura participación activa como cidadás e cidadáns globais.

Gráfico 4. Comparación da posición do alumnado de secundaria nas tres dimensións na Liña de Base e na avaliación. Porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia.

Resulta interesante observar os resultados segundo eixo temático. Así, en relación aos comportamentos percíbese un leve aumento da porcentaxe de alumnado que se sitúa nunha posición alta nos temas de interculturalidade e resolución pacífica de conflitos. O aumento é moito máis notable no caso do alumnado que presenta unha conduta feminista: pasando do 47% en posición alta inicialmente ao 61% posterior. Este aumento de 14 puntos moi probablemente está influenciado pola participación nas diferentes actividades en materia de igualdade de xénero, así como no feito de que o resto de actividades tamén apostan por transversalizar o enfoque de xénero nas súas respectivas temáticas.

Táboa 7. Comparanza da posición do alumnado de secundaria na dimensión condutual antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxe.

		DIMENSIÓN CONDUTUAL				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN DE CONFLICTOS	IGUALDAD E DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	33,87	57,58	54,17	47,28	48,23
	Medio-Alto	38,86	27,60	37,50	30,41	33,59
	Medio-Baixo	18,97	6,75	7,67	13,43	11,71
	Baixo	8,30	8,06	0,66	8,89	6,48
AVALIACIÓN	Alto	21,50	63,00	58,00	61,00	50,88
	Medio-Alto	47,00	27,50	34,00	15,00	30,88
	Medio-Baixo	25,50	6,00	8,00	16,00	13,88
	Baixo	6,00	3,50	0,00	8,00	4,38

Fonte: Elaboración propia.

Táboa 8. Comparanza da posición do alumnado de secundaria na dimensión socioemocional antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxe.

		DIMENSIÓN SOCIOEMOCIONAL				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN DE CONFLICTOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	45,23	85,18	48,14	69,77	62,08
	Medio-Alto	28,61	12,84	34,66	17,40	23,38
	Medio-Baixo	14,08	1,31	14,09	5,28	8,69
	Baixo	12,08	0,66	3,11	7,55	5,85
AVALIACIÓN	Alto	33,00	90,00	44,53	76,00	60,88
	Medio-Alto	38,00	9,00	47,21	14,00	27,05
	Medio-Baixo	16,50	0,00	5,63	5,50	6,91
	Baixo	12,50	1,00	2,63	4,50	5,16

Fonte: Elaboración propia.

Esa tendencia positiva mantense na dimensión socioemocional, actitudes e valores que manifesta o alumnado, en relación ao eido da igualdade de xénero e do enfoque intercultural (cun aumento de 5 e 6 puntos porcentuais respectivamente). Pola contra, resulta curioso que, en canto ao coñecemento, a porcentaxe de alumnado que se sitúa na posición máis alta no eixo da igualdade de xénero non experimente un incremento semellante ás outras dimensións (incluso descende levemente). En futuras intervencións poderíase ter en conta este dato para reforzar os coñecementos e aumentar a súa comprensión.

Táboa 9. Comparanza da posición do alumnado de secundaria na dimensión cognitiva antes e despois de participar no proxecto. Porcentaxe.

		DIMENSIÓN COGNITIVA				
		GLOCAL	INTERCULT.	XESTIÓN DE CONFLICTOS	IGUALDADE DE XÉNERO	TOTAL
LIÑA BASE	Alto	15,70	57,30	56,91	75,96	51,47
	Medio-Alto	35,32	16,61	32,23	12,35	24,13
	Medio-Baixo	28,82	11,96	8,38	6,50	13,91
	Baixo	20,15	14,14	2,48	5,19	10,49
AVALIACIÓN	Alto	24,00	70,71	65,15	67,00	56,72
	Medio-Alto	45,50	15,20	26,33	16,50	25,88
	Medio-Baixo	18,00	4,54	6,02	16,50	11,27
	Baixo	12,50	9,54	2,50	0,00	6,14

Fonte: Elaboración propia.

Exceptuando o eixo da igualdade de xénero, resulta moi positivo que aumente a porcentaxe de alumnado que ocupa a posición máis alta en canto ao coñecemento e comprensión das temáticas tratadas no proxecto. Destaca especialmente o impacto no eido da interculturalidade, cun aumento de 14 puntos. Isto indicada que, se ben as actividades orientadas especificamente a isto son das máis breves (na maioría de casos, unha sesión de 50 minutos), os resultados que acadan son sumamente satisfactorios.

Para rematar coa dimensión cognitiva, parécenos importante resaltar que os coñecementos no eixo da cidadanía global, se ben aumentan considerablemente (8 puntos na posición máis alta, 11 punto na media-alta), continúan a situarse por debaixo da media dos outros tres eixos. Nunha futura intervención podería analizarse a posibilidade de fortalecer esta liña de actuación.

Táboa 10. Variación do alumnado de secundaria situado nunha posición alta segundo dimensión e temática. Porcentaxe.

DIMENSIÓN	TEMÁTICAS			
	Glocal	Intercult.	Xestión de conflitos	Igualdade de Xénero
· Condutual	↓12%	↑5%	↑4%	↑14%
· Socioemocional	↓12%	↑5%	↓3%	↑6%
· Cognitiva	↑8%	↑14%	↑8%	↓9%
TOTAL	↓5%	↑8%	↑3%	↑4%

Fonte: Elaboración propia.

Desagregando os datos segundo o sexo, as diferenzas son significativas en canto ao impacto do proxecto xerado nas rapazas e nos rapaces. Inicialmente partíase dunha situación levemente mellor entre as mulleres: se agregamos as posicións "alta" e "media-alta" o contraste entre elas e eles oscila entre 4 puntos porcentuais na dimensión condutual aos 8 na cognitiva. O fin deste estudo non é tanto coñecer a situación actual como a evolución e, neste senso, os resultados varían en función da dimensión. Na dimensión socioemocional esta fenda inicial de xénero reduciuse considerablemente, pasando dunha diferenza de 7 puntos porcentuais a tan só 1 punto. Pódese asumir que elas e eles teñen interiorizadas as actitudes e valores relacionas coas temáticas do proxecto dun xeito equilibrado.

Pola contra, nas outras dúas dimensións non só non minguou a fenda senón que experimentou un aumento. Na dimensión condutual pasou dunha diferenza de 4 puntos a unha de 14 e na dimensión cognitiva dos 8 puntos aos 12. Con estes datos pódese intuír que as actividades incluídas no ESR-EPD xeran un maior interese e implican en maior medidas as rapazas, sendo preciso en futuras intervencións re-adaptar as mesmas para resultar máis atractivas para os rapaces.

Táboa 11. Comparanza da posición do alumnado de secundaria nas tres dimensións antes e despois de participar no proxecto segundo sexo. Porcentaxe

		CONDUTUAL		SOCIOEMOCIONAL		COGNITIVA	
		LIÑA BASE	AVALIACIÓN	LIÑA BASE	AVALIACIÓN	LIÑA BASE	AVALIACIÓN
MULLER	Alto	54,34	60,50	69,09	69,00	54,86	59,68
	Medio-Alto	29,72	28,00	19,80	19,50	24,32	29,27
	Medio-Baixo	10,67	9,00	6,98	7,50	12,22	7,53
	Baixo	5,27	2,50	4,13	4,00	8,60	3,52
HOME	Alto	42,11	41,25	55,08	52,76	48,07	53,75
	Medio-Alto	37,46	33,75	26,95	34,61	23,94	22,50
	Medio-Baixo	12,74	18,75	10,40	6,32	15,61	15,00
	Baixo	7,69	6,25	7,57	6,32	12,38	8,75

Fonte: Elaboración propia.

4. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS

- ✓ Despois de sinalar na avaliación do ano anterior a recomendación de incluír unha liña base do proxecto, nesta edición é evidente o esforzo do consorcio por mellorar neste eido. Sería interesante en futuras intervencións ter en conta as leccións aprendidas nesta ocasión para aproveitar ao máximo as potencialidades de contar coa liña base.

A planificación e selección da mostra do alumnado debe ser máis detallada para ter en conta, por exemplo, que sexan estudantes que a priori continúen no centro ou que vaian participar en máis dunha actividade do proxecto.

- ✓ Igual que o ano anterior, e sabendo que non é responsabilidade exclusiva das ONGD coordinadoras, recoméndase o adianto do traballo de campo da avaliación ás derradeiras semanas do curso académico no que se executa o proxecto. A calidade da información recompilada depende en gran medida desta variable, tanto para o público de estudantes como de profesorado.

- ✓ Que sexa a segunda edición na que se intenta implicar ás ANPAS no proxecto sen éxito non quita importancia a necesidade de facelo. Quizais, antes de incluílo de novo nunha planificación, sería interesante facer un proceso de reflexión dos motivos polos que non se consegue artellar un programa conxunto: tanto analizando os recursos internos destinados a iso como recollendo as opinións e suxestións do profesorado ao respecto ou realizando entrevistas exploratorias con diferentes ANPA.

Este proceso pode ofrecer novas perspectivas para abordalo de xeito diferente, evitando incluílo por inercia e sen sentar as bases da iniciativa con sosego.

A pesar disto, hai que visibilizar o logro non agardado do traballo coa ANPA neste curso. Así, grazas a isto o CEIP Apóstolo Santiago integrouse no proxecto e pasou a formar parte da rede de centros Escolas Sen Racismo.

- ✓ Así como na avaliación do ano anterior recollíase a recomendación do profesorado de ampliar o abano de actividades para o alumnado de infantil, neste curso incorporáronse os Contos Solidarios Ilustrados. O primeiro a sinalar é que isto evidencia unha das fortalezas de ACPP-AGARESO: o seu interese e capacidade para dar

resposta ás necesidades dos centros (algo que o propio profesorado expresa en todas as entrevistas realizadas).

Tamén hai que subliñar que finalmente deseñáronse 4 contos, en lugar de 3, dunha gran calidade e cunha gran potencialidade para traballar nas aulas (como recoñecen as profesoras do CEIP Apóstolo Santiago). Por sinalar unha proposta de mellora, no proceso de ilustración por parte do alumnado só participou un centro, sendo recomendable aumentar a difusión e comunicación co profesorado para xerar un maior interese.

- ✓ En relación a isto, un pilar fundamental deste proxecto é o traballo nas aulas dos recursos didácticos entregados ao comezo do curso. Neste senso, obsérvase unha tendencia a delegar a responsabilidade de fomentar o uso dos materiais no equipo docente que coordina o proxecto no centro (en moitos casos unha ou dúas profesoras).

Se ben isto é algo positivo ao apropiarse elas e eles do proxecto, as dinámicas internas dos centros e os tempos lectivos tan axustados fan que en moitas ocasións non cheguen a empregarse nas aulas. Sería aconsellable aumentar o acompañamento das ONGD para incentivar e promover o uso dos materiais por parte das titoras e titores: a través de reunións, formacións, experiencias prácticas,...

Externamente percíbese que fortalecer este elemento repercutirá con moita forza no aumento do impacto do proxecto. Implicar a un maior número de docentes aumentará exponencialmente o público obxectivo; reforzará os coñecementos, actitudes e comportamentos en materia de EpD entre o alumnado e, igual de importante, aumentaranse as probabilidades de que a iniciativa teña sostibilidade cando a intervención remate.

- ✓ Nos centros de secundaria visitados evidenciouse que tamén se incorporou outra das recomendacións do ano anterior: incluír un tempo de coordinación entre as monitoras e monitores e o profesorado. Isto foi así nos obradoiros de prevención de violencia de xénero, nos que a experta na materia reuniuse para presentarlles as conclusións da actividade e as recomendacións para seguir traballando nas aulas.

A valoración é moi boa entre o profesorado, remarcando a importancia de seguir a contar con este tempo de coordinación e, na medida do posible, aumentalo ao resto de actividades.

- ✓ En relación á execución do proxecto, recoméndase dedicar un maior esforzo ao seguimento do mesmo. Somos conscientes do escaso tempo dispoñible das entidades mais unha xestión máis detallada do seguimento mellorará a execución e, probablemente, reducirá o tempo e esforzo destinado á xustificación.

Realmente o plan de seguimento e avaliación que se elaborou por parte de ACP-AGARESO é unha moi boa ferramenta para axudar neste senso.

- ✓ Na avaliación da edición anterior mencionamos que podería ser "un bo momento para abrir un debate no que reflexionar sobre manter un alto impacto en canto a público obxectivo (algo que obviamente é unha das fortalezas deste proxecto) ou reducir o impacto cuantitativo a favor de afondar máis nos contidos".

Este ano, e co respaldo dos datos da análise comparada da situación do alumnado no 2016 e no 2017, o noso punto de vista é claro. Sería interesante estudar a posibilidade de traballar cun mesmo grupo de estudantes dunha forma máis estable. Isto pode lograrse ben planificando a súa participación en máis de unha actividade externa, ben fortalecendo a implicación do profesorado para traballar cos materiais didácticos nas aulas.

- ✓ Por último, os datos da análise comparada tamén amosan a importancia de re-adaptar as accións para captar un maior interese e implicación do público masculino. Tamén evidénciase que o eixo temático global-local é no que se amosan maiores carencias entre o alumnado en xeral, sendo preciso destinar maiores recursos a fortalecer os coñecementos, actitudes e comportamentos relacionados con esta dimensión da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

5. ANEXOS

5.1. Modelo de cuestionarios empregados co alumnado

A) Cuestionario para educación infantil

ENQUIZA AVALIACIÓN ACPP (ESR) EpD XUNTA 2016-17. INFANTIL

** Enquisa anónima e confidencial*

CENTRO:

CURSO:

ACTIVIDADE REALIZADA:

NENA:

NENO:

Marca cunha "X" a opción "SI" (estás de acordo) ou "NON" (se non estás de acordo)

	SI	NON
Axudo ás miñas compañeiras e compañeiros cando traballamos en grupo (e non só ás miñas amizades).		
Xogo no patio con nenas e nenos dunha orixe distinta á miña.		
Na clase non interrompo cando falan as miñas compañeiras e compañeiros.		
Na escola, paso o mesmo tempo cos nenos como coas nenas.		
Gústame cando todas as clases nos xuntamos para celebrar unha festa.		
Gústame compartir clase con persoas doutros lugares.		
Eu son igual de importante que os meus compañeiros e compañeiras.		
Gústame ter tantas amigas como amigos.		
Todas as nenas e os nenos do mundo imos á escola.		
Coñezo contos que falan de persoas doutros lugares do mundo.		
Se teño un problema cunha amiga ou amigo, para non enfadarnos o mellor é falar.		
Aos nenos gústalles xogar a cousas diferentes que ás nenas.		
Recomendarías esta actividade a outras compañeiras e compañeiros?		

Que cousa o cousas son as que menos che gustaron?

Que foi o mellor deste proxecto para ti?

Se tiveses que definir o que foi a actividade para ti nunha palabra ou frase curta, sería...

B) Cuestionario para educación primaria**ENQUIZA AVALIACIÓN ACPP (ESR) EpD XUNTA 2016-17. PRIMARIA**** Enquisa anónima e confidencial***CENTRO:****CURSO:****ACTIVIDADE REALIZADA:****NENA:** **NENO:** **VALORA AS SEGUINTE FRASES SENDO:****1: "non estou nada de acordo" || 3: "estou algo de acordo"****2: "estou pouco de acordo" || 4: "estou moi de acordo"**

Axudo ás miñas compañeiras e compañeiros cando traballamos en grupo (e non só ás miñas amizades).	1.....2.....3.....4
Xogo no patio con nenas e nenos dunha orixe distinta á miña.	1.....2.....3.....4
Na clase non interrompo cando falan as miñas compañeiras e compañeiros.	1.....2.....3.....4
Na escola, paso o mesmo tempo cos nenos como coas nenas.	1.....2.....3.....4
Intento que a miña participación na aula mellore a convivencia escolar.	1.....2.....3.....4
Esfórzome en relacionarme con compañeiras e compañeiros doutras culturas.	1.....2.....3.....4
Se vexo que unha compañeira ou compañeiro ten dificultades, bóttolle unha man.	1.....2.....3.....4
No recreo comparto xogos tanto con nenos como con nenas.	1.....2.....3.....4
Gústame cando todas as clases nos xuntamos para celebrar unha festa.	1.....2.....3.....4
Gústame compartir clase con persoas doutros lugares	1.....2.....3.....4
Eu son igual de importante que os meus compañeiros e compañeiras	1.....2.....3.....4
Gústame ter tantas amigas como amigos.	1.....2.....3.....4
Todas as persoas do mundo compartimos un conxunto de valores	1.....2.....3.....4
Non me gusta que se trate mal a certas persoas só por ser doutra cultura	1.....2.....3.....4
Está ben pegarlle a alguén que che ofendeu.	1.....2.....3.....4
É mellor que as mozas non lle leven a contraria á súa parella	1.....2.....3.....4
Todas as nenas e os nenos do mundo imos á escola	1.....2.....3.....4
Coñezo contos que falan de persoas doutros lugares do mundo	1.....2.....3.....4
Se teño un problema cunha amiga ou amigo, para non enfadarnos o mellor é falar.	1.....2.....3.....4
Aos nenos gústalles xogar a cousas diferentes que ás nenas	1.....2.....3.....4
As decisións que tomamos en Galicia afectan aos dereitos das persoas doutros lugares do mundo.	1.....2.....3.....4

VALORA AS SEGUINTE FRASES SENDO:**1:** "non estou nada de acordo" || **3:** "estou algo de acordo"**2:** "estou pouco de acordo" || **4:** "estou moi de acordo"

Sei que algunhas cousas que se din de persoas doutros países e culturas son mentira (ex.: todos os romaneses rouban; todos os xitanos son feirantes; todos os galegos son parvos)	1.....2.....3.....4
Que teñamos diferentes opinións, non é algo positivo nin negativo, depende de como as digamos.	1.....2.....3.....4
As mulleres son máis delicadas e sensibles que os homes, e os homes teñen máis facilidade para os traballos técnicos.	1.....2.....3.....4

Do 1 ao 5, canto che gustaron as seguintes actividades?

ACTIV 1:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 2:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 3:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 4:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 5:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 6:	1.....2.....3.....4.....5

Recomendarías estas actividades a outras compañeiras e compañeiros?

-
- SI
-
-
- NON

Que cousa o cousas son as que menos che gustaron?

Que foi o mellor deste proxecto para ti?

Se tiveses que definir o que foi a actividade para ti nunha palabra ou frase curta, sería...

C) Cuestionario para educación secundaria**ENQUISA AVALIACIÓN ACPP (ESR) EpD XUNTA 2016-17. ESO**** Enquisa anónima e confidencial***CENTRO:****CURSO:****ACTIVIDADE REALIZADA:**

NENA:

NENO:
VALORA AS SEGUINTES FRASES SENDO:**1:** "non estou nada de acordo" || **3:** "estou algo de acordo"**2:** "estou pouco de acordo" || **4:** "estou moi de acordo"

Intento que a miña participación na aula mellore a convivencia escolar.	1.....2.....3.....4
Esfórzome en relacionarme con compañeiras e compañeiros doutras culturas.	1.....2.....3.....4
Se vexo que unha compañeira ou compañeiro ten dificultades, bóttolle unha man.	1.....2.....3.....4
Comparto o meu tempo de ocio tanto con rapaces como con rapazas.	1.....2.....3.....4
Implícome en actividades sociais que teñen unha influencia positiva na comunidade na que vivo (asociacións culturais, medio ambiente, asociación de barrios, voluntariado, etc).	1.....2.....3.....4
Rexeito todo tipo de comportamentos ou comentarios racistas ou xenófobos.	1.....2.....3.....4
Trato de ser respectuosa/o aínda que teña diferencias de opinións cos meus compañeiros ou compañeiras.	1.....2.....3.....4
Chamo a atención ás miñas amizades se fan chistes sobre mulleres.	1.....2.....3.....4
Todas as persoas do mundo compartimos un conxunto de valores.	1.....2.....3.....4
Non me gusta nada que se trate mal a certas persoas só por ser doutra cultura.	1.....2.....3.....4
Está ben pegarlle a alguén que che ofendeu.	1.....2.....3.....4
É mellor que as mozas non leven a contraria á súa parella.	1.....2.....3.....4
A miña identidade inclúe unha serie de valores que comparto con persoas de todo o mundo.	1.....2.....3.....4
Penso que todas as persoas deberían ter os mesmos dereitos, con independencia do seu país de orixe.	1.....2.....3.....4
Intento poñerme na pel dos meus compañeiros e compañeiras cando temos diferencias de opinións.	1.....2.....3.....4
Denunciaría a un amigo se maltratou á moza coa que sae.	1.....2.....3.....4
As decisións que tomamos en Galicia afectan aos dereitos das persoas doutros lugares do mundo.	1.....2.....3.....4
Sei que algunhas cousas que se din de persoas doutros países e culturas son mentira (ex.: todos os romanos rouban; todos os xitanos son feirantes; todos os galegos son parvos).	1.....2.....3.....4
Que teñamos diferentes opinións, non é algo positivo nin negativo, depende de como as expresemos.	1.....2.....3.....4

VALORA AS SEGUINTE FRASES SENDO:

1: "non estou nada de acordo" || **3:** "estou algo de acordo"
2: "estou pouco de acordo" || **4:** "estou moi de acordo"

As mulleres son máis delicadas e sensibles que os homes, e os homes teñen máis facilidade para os traballo técnicos.	1.....2.....3.....4
As desigualdades presentes entre a poboación galega e as desigualdades noutros lugares do mundo teñen causas comúns.	1.....2.....3.....4
Os estereotipos son ideas simples e esaxeradas sobre un grupo de persoas.	1.....2.....3.....4
A mediación é unha oportunidade para resolver diferencias e conflitos.	1.....2.....3.....4
A violencia de xénero é un asunto privado que non ten por que saír da casa.	1.....2.....3.....4

Do 1 ao 5, canto che gustaron as seguintes actividades?

ACTIV 1:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 2:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 3:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 4:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 5:	1.....2.....3.....4.....5
ACTIV 6:	1.....2.....3.....4.....5

Recomendarías estas actividades a outras compañeiras e compañeiros?

SI: ___ NON: ___

Que cousa o cousas son as que menos che gustaron?

Que foi o mellor deste proxecto para ti?

Se tiveses que definir o que foi a actividade para ti nunha palabra ou frase curta, sería...

5.2. Valoración das actividades formativas do resultado 3 segundo as enquisas

Táboa 12. Valoración media do alumnado do Seminario de Xornalismo Social e Cooperación.

TEMÁTICAS	VALORACIÓN MEDIA (escala do 1 ao 5)
1. <i>Introdución á comunicación para o cambio social</i>	4
2. <i>Introdución á cooperación para o desenvolvemento</i>	4,4
3. <i>Radio comunitaria e a xitanofobia</i>	4,3
4. <i>A comunicación ética e as campañas de sensibilización das ONGD</i>	4,6
5. <i>O tratamento mediático dos colectivos en risco de exclusión</i>	4
6. <i>Visión desde o Sur e vídeo participativo</i>	4,4
7. <i>As mulleres nos medios</i>	4,5
8. <i>Fotoxornalismo e documentalismo en imaxes</i>	4,8
9. <i>Audiovisual comprometido</i>	5
<i>Coordinación do Seminario por parte de AGARESO</i>	4,9

Fonte: Elaboración propia a partir das enquisas entregadas por AGARESO-ACPP.

Táboa 13. Valoración media do alumnado do Curso de Formación Específica para PCR

PREGUNTA	VALORACIÓN MEDIA (escala do 1 ao 5)
1. Valoración das sesións	
<i>Aproximación á conceptos clave de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento</i>	2,8
<i>Xénero e Cooperación ao desenvolvemento. Aparición do xénero na axenda do desenvolvemento</i>	3,6
<i>As ferramentas metodolóxicas (I) Os proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Tipoloxía e principios básicos</i>	3,8
<i>As ferramentas metodolóxicas (II). O ciclo de vida dos proxectos</i>	3,9
<i>As ferramentas metodolóxicas (III) Deseño e xestión de proxectos de cooperación ao desenvolvemento. Enfoque de Marco Lóxico</i>	4
<i>Relator: Alejandro Quiñoa</i>	4,4
<i>A educación para o desenvolvemento e a comunicación social</i>	4,3
<i>Introdución á CCS. Proxectos educomunicativos en Galicia e no exterior. Boas prácticas. Posta en práctica</i>	3,1
<i>Relatora: Lorena Seijo</i>	3
<i>Seguridade e responsabilidade no terreo</i>	4,5
<i>Relatora: Ofelia García</i>	4,8
2. Organización do obradoiro	4
3. Grado de satisfacción xeral das xornadas	4,3
4. Utilidade das xornadas cara a túa formación	4,5
5. Fomento da participación das persoas asistentes	4,2
6. Grado de cumprimento das túas expectativas	4,3

Fonte: Elaboración propia a partir das enquisas entregadas por AGARESO-ACPP.